

Festas na honra de San Xosé

«Animamos a todos os veciños a gozar dunha das festas máis emblemáticas»

A comisión de festas da Madalena encárgase por primeira vez da organización do San Xosé

O Milladoiro ten a data de hoxe marcada en vermello no calendario, porque San Xosé é o seu patrón pero tamén porque neste 2025 a celebración será especial: estará organizada por primeira vez pola comisión de festas da Madalena, que conta no seu labor co apoio do Concello de Ames.

Precisamente, a administración local anima á veciñanza a participar na mesma. «Dende o Concello animamos á veciñanza de todo o municipio a desfrutar dunha das nosas festividades máis emblemáticas», indicou neste sentido o alcalde e responsable da área de festexos, Blas García. Ademais, destacou que «a responsabilidade e bo facer desta asociación é determinante para que o Concello se implique con estas festas».

Dende o Concello de Ames animan a todos os veciños e tamén a visitantes a achegarse hoxe ao San Xosé

A xornada festiva comezará ás 19.00 horas e contará cun pasarrúas da charanga *Os Atrevidos* e os gaiteiros *Airiños do Paseo do Colón*, «que durante dúas horas dinamizarán as rúas do núcleo máis grande e importante do concello».

Un apoio ao comercio e á hostalaría locais

Así mesmo, dende a corporación municipal tamén destacaron a im-



Una edición anterior do patrón do Milladoiro, con moita animación nas rúas.

portancia de apoiar o comercio e a hostalaría local nestas datas tan especiais. «Durante este mércores de San Xosé animamos á veciñanza de Ames a acudir ao comercio e á hostalaría do Milladoiro».

A festividade de San Xosé chega, un ano máis, consolidada como unha das citas máis agardadas e celebradas no calendario festivo do Milladoiro, reunindo cada ano a centos de veciños e visitantes nunha celebración marcada pola tradición, a música e, de xeito moi especial, o espírito comunitario.



A moderna igrexa de San Xosé, no Milladoiro.

Neumáticos Low Cost

C/ Palmeiras, 56 A
Pol. Novo Milladoiro
15895 A CORUÑA
981 533 848

ALINEADO DE DIRECCIÓN 3D

NEUMÁTICOS NUEVO Y OCASIÓN

Avda. Aeroporto, 60
36206 VIGO
Pontevedra
986 138 890

www.neumaticoslowcost.es

Renova as túas ventanas

XAGAL^{TS}
VENTANAS

Kömmerring

18 años

Polígono NovoMilladoiro • Rúa da Xesta 748
15895 Milladoiro-Ames
T. 981 536 768 • ventanas@xagal.es

Apuesta por la confianza

Limpiezas GERMANIA

www.limpiezasgermania.es

Rúa das Palmeiras, 83 B1 • Pol. Ind. Novo Milladoiro • Milladoiro – Ames • ☎ 981 94 16 59

Festas na honra de San Xosé

O Milladoiro rende hoxe homenaxe ao seu patrón

A localidade celebra no día de hoxe as súas festas na honra de San Xosé con música e troula na rúa entre as 19.00 e as 22.00 horas

O 25 de outubro do ano 2009 marcou un fito na historia do Milladoiro, no municipio de Ames. Ese día, hai xa máis de quince anos, designouse oficialmente como parroquia a Biduido, que adoptou a San Xosé como o seu patrón. Dende entón, tanto a veciñanza como moitos visitantes honran a figura do santo celebrando a súa festividade na propia data, o 19 de marzo, Día de San Xosé e tamén Día do Pai. Este ano, a celebración concentrarase nun único día, hoxe, cunha xornada cargada de música e, sobre todo, de ganas de troula e de pasalo ben.

A Igrexa de San Xosé do Milladoiro, deseñada polo arquitecto David Fernández Nogueira, volverá ser o epicentro da celebración máis formal e litúrxica. Unha igrexa moderna que comezou a construírse no ano 2015 e que, dous anos despois, no 2017, foi inaugurada polo daquela arcebispo de Santiago, Julián Barrio, xunto ao

A charanga 'Os Atrevidos' e os gaiteiros de 'Airiños do Paseo do Colón' porán o toque musical

párroco José Manuel Guldris *Josecho*. Logo, fóra dela, dende as 19.00 horas, a festa percorrerá as rúas ata as 22.00 horas, cun ambiente cheo de tradición e alegría.

A música será a gran protagonista da xornada, coa actuación da charanga estradense *Os Atrevidos* e os gaiteiros de *Airiños do Paseo do Colón*, de Ames, que amenizarán a xornada cos seus ritmos e melodías. Os veciños e veciñas poderán gozar no día de hoxe desta homenaxe a San Xosé, unha data que xa se converteu nunha cita case imprescindible no calendario festivo do Milladoiro.



CEDIDA

O Milladoiro homenaxea hoxe a figura do seu patrón, San Xosé.



CEDIDA

Agrupación 'Airiños do Paseo do Colón'.



CEDIDA

A charanga 'Os Atrevidos'.

descanso
Nattex

Pol. Empresarial Novo Milladoiro
Ames
Rúa das Hedras, 25B
T. 981 569 867
www.nattexcompostela.es

ESPECIALISTAS
EN DESCANSO

HoSPICAN
Clínica veterinaria

HORARIO:
L-V: 10.30/14.00
17.00/21.00 h
S: 10.30/14.00 h
Tel.: 981 530 066
Urgencias 607 539 066

Avda. Rosalía de Castro, 31 bajo
C.P. 15895 Milladoiro - Ames
www.hospican.es

Gelina
FROITAS E VERDURAS

VISITA A NOSA TENDA
DENDE O TEU WHATSAPP **616 668 954**

TENDAS EN: BERTAMIRÁNS, PADRÓN E MILLADOIRO
frutasgellina.com

CASA da
Cultura
CAFETERÍA

Travesía do Porte s/n | MILLADOIRO • T. 981 538 406

- Racións
- Sandwiches
- Tostas
- Postres
- Hamburguesas
- Bocadillos

• MENÚ DE LA CASA • CAFÉS ESPECIALES
• CERVEZAS DE IMPORTACIÓN • RACIONES Y BOCADILLOS

Cruza, 3 - Milladoiro • T. 981 536 310

Miles de regalos

CENTER PALOMA

¡Ven a visitarnos!

T. 981 813 348
C/ Pardiñeiros, 13
Milladoiro (Ames)

¡Feliz día del padre!